



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL**  
**17.09.2019**

**LUGAR:** Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 17.09.2019

**HORA DE COMEZO:** 12:30

**HORA DE REMATE:** 14:00

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva  
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger  
D. Miguel Ángel Michinel Álvarez  
D. José María Martín Moreno  
D. Xoán Cebro Rodríguez  
D. Xosé Manuel Atanes Limia  
D. Francisco Javier Casares Mouriño  
D<sup>a</sup> Mercedes Castro Mouzo  
D. Jesús Graña Nogueiras  
D<sup>a</sup> Natalia Zunzunegui Garrido  
D. Daniel Barata Quintas  
D. César Blanco Gómez  
D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno  
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez  
D. Emilio Fernández Zunzunegui  
D. Manuel González Piñeiro  
D. Javier Garrido Valenzuela  
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas  
D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Carmen Fouces Díaz  
D<sup>a</sup> Yolanda López Fernández  
D. José María Franco García  
D. Antonio Macho Senra

**ESCUSAN ASISTENCIA**

D<sup>a</sup> Raquel María Souto García  
D. Óscar Moldes Pita  
D<sup>a</sup> María Elvira Larriba Leira  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo  
D<sup>a</sup> María Elena Añel Cabanelas  
D<sup>a</sup> Rosa María Sánchez Gándara

**SECRETARIO**

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, 17 de setembro de 2019, ás 12:30 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (30.07.2019).
2. Informe do Presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Informe que proceda sobre a proposta de implantación da titulación oficial de Grao en Deseño e Creación na UVigo para o curso 2020-2021.
5. Acordos e axudas concedidas pola Comisión de Actividades e Servizos (12.09.2019).
6. Avaliación do proceso de denuncia do convenio de adscrición á UVigo do IESIDE. Informe de situación e acordo que proceda, de ser o caso.
7. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo no mes de xullo de 2019.
8. Rogos e preguntas.

---

*Póñense a dispor dos asistentes exemplares da publicación "Argimiro Salgado, o home smiling through" e das carpetas-guía que se entregarán aos novos alumnos da UVigo, ambas iniciativas co patrocinio do Consello Social.*

*O vicerreitor de Ordenación académica e profesorado, Manuel Ramos, asiste como convidado.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (30.07.2019).*

Aclara o secretario que no punto 7 atribúese a dona Natalia Zunzunegui unha abstención que en realidade corresponde a don Emilio Fernández Zunzunegui.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Agradece Ernesto Pedrosa a asistencia dos presentes, e expresamente ao vicerreitor Manuel Ramos, que acude para informar sobre o punto 4 da Orde do día. Afirmar que a sesión reflicte a atención que o Consello Social pon na universidade e nos asuntos que están "poñendo a proba a súa capacidade de resposta en contextos de inevitable confrontación de opinións". Avisa a súa vontade de abrir ventás para "que se escoiten con claridade e transparencia as reflexións da universidade", "máis aínda –engade– cando se trata de tomar decisións infrecuentes, controvertidas ou incómodas". Lembra a obriga dos conselleiros de "velar polos intereses xerais" da institución universitaria, e de desempeñar os cargos "persoalmente", deixando claro que unha cousa son os obxectivos e outra as competencias.

Da conta da reunión mantida polo presidente do Goberno en funcións cos representantes da educación superior, na que dende a Conferencia de Consellos Sociais se cualificou a reforma da actual LOU como "auténtica urxencia nacional".



Finalmente dá a benvida a Juan Manuel Vieites, nomeado representante da CEP en substitución de Jorge Cebreiros, e comprácese da renovación de Xulio Calviño dende o Concello de Vigo. Lembra que están pendentes de substitución Carmen Fouces (polo Concello de Pontevedra) e de Oscar Moldes (alumno da UVigo), e que se agarda a presentación de dona Rosa María Sánchez, elixida o pasado 27 de febreiro como representante da CEO.

### **PUNTO 3**

*Informe do Reitor.*

Principia Manuel Reigosa anunciando que se desbloquearon todos os trámites municipais para o inicio da actividade do edificio Campus da Auga, en Ourense, e engade que se trata dun edificio "magnífico" con equipamentos "magníficos".

Seguidamente informa aos presentes das negociacións e debates sobre titulacións producidos no ámbito do SUG. Neste punto declárase "moi satisfeito" polo resultado e o acordo final, despois do desencontro inicial xerado pola implantación de Robótica en Santiago, subliñando a "xenerosidade" da Consellería e das universidades de A Coruña e Santiago. Sinala como "moi importante" para Vigo o dobre Grao en Enxeñaría mecánica e electrónica, un Grao en Automoción dual que se adianta ao curso 2020-2021, e o novo Grao en Relacións Internacionais que creará sinerxías no Campus de Ourense con Dereito, Turismo e ADE. Tamén menciona como positivo a autorización para seguir impartindo algunha titulación que estaba en risco, como é o caso do Grao en Ciencias da linguaxe e estudos literarios.

Presenta finalmente os datos da matrícula nos primeiros cursos dos Graos, declarándose "especialmente satisfeito" polos resultados, con valores globais do 99%, e mesmo nalgún Campus por riba do 100%, por ter titulacións que quedaron un pouco por debaixo e outras con máis alumnado do inicialmente previsto.

### **PUNTO 4**

*Informe que proceda sobre a proposta de implantación da titulación oficial de Grao en Deseño e Creación na UVigo para o curso 2020-2021.*

Tras contextualizar que o groso dos títulos viñeron ao Consello Social o pasado 30 de xullo, o vicerreitor Manuel Ramos aclara que quedaban sete porque xurdiron "imprevistos" na tramitación. Explica a recondución do procedemento, calendario e garantías, así como as memorias académica, xustificativa e económica. Informa que se impartirá con modalidade presencial, en Pontevedra, nunha nova Facultade, con 45 alumnos de novo ingreso cada ano e terá dúas mencións ou especialidades: unha en Deseño gráfico e multimedia, e outra en Deseño de moda. Esta titulación terá un custe para a Universidade "perfectamente asumible" porque aproveitará laboratorios xa existentes e que encaixan.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

### **PUNTO 5**

*Acordos e axudas concedidas pola Comisión de Actividades e Servizos (12.09.2019).*

O presidente sinala os acordos máis destacados que se recollen no resumo da comisión que se entregou aos asistentes.

- ***O Pleno dáse por informado.***



## **PUNTO 6**

*Avaliación do proceso de denuncia do convenio de adscrición á UVigo do IESIDE. Informe de situación e acordo que proceda, de ser o caso.*

Introduce Ernesto Pedrosa este punto contextualizando o marco xeral do proceso, as competencias do Consello Social ao respecto, as circunstancias que concorren e as opcións que se están a contemplar. Cede a palabra ao Reitor, quen anuncia que espera un acordo pactado con Abanca para o trámite da desadscrición de IESIDE, afirmando que se están a celebrar xuntanzas que van "moi ben encamiñadas". Subliña que a publicación do anteproxecto de lei que a Xunta sacou a exposición pública, para a creación da universidade privada, xa recolle na primeira disposición transitoria como se regulará a desadscrición, que tería lugar antes do funcionamento desa universidade, así como os prazos e as garantías para que o alumnado que actualmente cursa no IESIDE teñan o título da UVigo. Engade Manuel Reigosa que os servizos xurídicos están a analizar e interpretar esta normativa para estar ao pé do proceso, e apunta sintonía cos demais reitores galegos no obxectivo de que se protexa o dereito a que toda a poboación galega teña opción de estudar na universidade pública. Pide finalmente tempo para acadar o acordo negociado sobre a desadscrición, e traelo ao Consello Social previo paso polo Consello de goberno.

Tras unha rolda de intervencións nas que pregunta Daniel Barata polas posibles consecuencias económicas da desadscrición, e se interesa Manuel González polas causas que moveron á UVigo a presentar a denuncia do convenio con tanta antelación, Xosé Manuel Atanes bota de menos que o Consello Social non se teña pronunciado aínda, despois dun ano que se leva avisando da chegada da universidade privada a Galicia, e que siga esperando, pronunciándose a favor de que transmita algunha opinión. Emilio F. Zunzunegui, que entende que ninguén pode impedir que o Consello Social faga unha declaración de intencións, cualifica a situación de "confusa" e confesase sorprendido da pasividade do conxunto da sociedade galega neste asunto que cualifica de "derrota social". Javier Garrido mantense na conveniencia de que se asine un acordo de desadscrición negociado. Juan Manuel Vieites avoga polo consenso e non polo enfrontamento, velando en todo momento polos intereses xerais da UVigo.

A estas cuestións, así como outras que se expoñen sobre a existencia ou non de ánimo de lucro na nova universidade privada, de como seleccionará ao alumnado ou das titulacións que impartirá, resposta o Reitor que non hai afectación económica para a UVigo e que o futuro centro deberá cumprir como as públicas e aterse ás leis vixentes. Insiste na vontade de atopar un acordo para a desadscrición, para o que se está a traballar nun texto que se poida asinar polas partes. Pide non afondar nas diferencias e nas discrepancias, e pide esforzo para defender a universidade pública "sen posicionarse en contra de algo que a lei permite". Insta aos presentes a recuperar o entendemento e a unanimidade consubstanciais ao Consello Social.

No remate das intervencións, Ernesto Pedrosa informa da cronoloxía, das obrigas e do interese máximo do Consello Social na defensa da UVigo, sen interferir en iniciativas privadas con amparo legal. Propón conceder un prazo razoable e necesario para que a UVigo e Abanca fragüen un entendemento para a desadscrición do IESIDE.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

## **PUNTO 7**

*Informe sobre os convenios asinados pola UVigo no mes de xullo de 2019.*

- ***O Pleno dáse por informado.***



## **PUNTO 8**

### *Rogos e preguntas.*

Interésase José María Franco por coñecer o proveito que se tira dos numerosos convenios que firma a UVigo, e preguntase si cabería aplicar unha taxa a cada un deles para dedicar a becas e facilitar así a captación de alumnos. Interpela sobre se se contempla ou se podería contemplar algo semellante no Plan Estratéxico da UVigo, e pide que o responsable compareza ante o Consello Social para dar a coñecer as grandes liñas. De seguido defende a creación do Instituto de estudos iberoamericanos, puntualizando que non hai ningún en Galicia e que tamén axudaría a captar alumnado para a universidade. Finalmente roga que as vicerreitoras responsables de Alumnado e de Internacionalización dean conta dos seus plans, accións e obxectivos ante este Pleno. Resposta o Reitor que estase a traballar no Plan Estratéxico baixo a súa presidencia, acentúa a importancia de que participe unha representación do Consello Social, e declárase favorable á comparecencia das vicerreitoras sinaladas.

Antonio Macho pregunta pola situación na que se atopa a ETEA. Finalmente o Pleno, a instancia de Carmen Fouces, manifesta a máis absoluta condena da violencia machista e o máis profundo pesar polos asasinatos de tres mulleres dunha mesma familia, cometidos polo marido dunha delas no Concello de Valga.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do 17 de setembro de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias